

E D I C T O

O Concello de Marín, no Pleno ordinario celebrado o día 13 de febreiro de 2009, adoptou o acordo de ratificar as Normas de funcionamento do fondo destinado a accións e programas de axuda de carácter social según os terminos que figuran dilixenciados na presente proposta, facultar á Alcaldía para a modificación do contido das normas no referente a actualización que proceda dos baremos económicos (norma 4ª), modificación puntual dos prazos de presentación e as modificacións ou incorporación de novas axudas nos termos sinalados na norma 6ª f), sempre co previo acordo das representacións sindicais e que as modificacións das normas reguladoras se dará conta o Pleno do Concello. Para o seu xeral coñecemento se publican as “Normas de funcionamento do fondo social” que a continuación se sinalan:

**NORMAS DE FUNCIONAMENTO
DO FONDO SOCIAL**

Como consecuencia do acordo de 18.12.2003 asinado entre a Administración municipal e sindicatos no ámbito da Mesa Xeral de Negociación do Concello e de acordo coa previsión introducida nas bases de execución do presuposto para o exercicio 2004, unha vez constituída a Comisión que regulará o fondo social, se establecen as presentes normas de funcionamento.

1ª.—Obxecto e cuantía:

O obxecto do presente fondo a mellora do benestar social do persoal funcionario de carreira, funcionarios interinos e persoal laboral contratado que reúnan as condicións recollidas nas presentes normas e que teñan por obxecto financiar as accións e programas de axuda de carácter social que se especifican.

Para o exercicio 2004 e de conformidade coas bases de execución do presuposto, se destina como cuantía xeneral do fondo social un total de 12.000 euros (doce mil euros) cos que se atenderán as accións e programas de axuda recollida no presente documento. Para posteriores exercicios, dicha cantidade será revisada na cuantía que por acordo se estableza na correspondente mesa de negociación, continuando vixente a anterior en tanto non se produza a dotación que se acorde para cada exercicio.

2ª Comisión do fondo social - Composición - Funcións- Periodicidade:

- a) Os efectos de dispoñer a aplicación das axudas e programas establecidas no presente fondo, se constitue unha Comisión do Fondo Social coa seguinte composición:
- Presidente: Sr. alcalde ou concelleiro en quen delegue

— Vocais:

- Un representante de cada Sindicato integrado na Xunta de Persoal do Concello
- Asistente Social do Concello
- Interventor municipal ou funcionario en quen delegue.

Actuará como Secretario o membro da Comisión que se designe entre os seu membros.

A composición da Comisión do Fondo Social poderá ser modificada en función do acordo que se adpote no seu seo, ó obxecto de integrar nela aqueles postos que se consideren necesarios para o seu desenvolvemento.

- b) Á vista das solicitudes para os fins do fondo social, a Comisión emitirá á Alcaldía proposta de outorgamento nas cuantías e polos conceptos que se sinalen e que se axustará ós criterios xerais contidos nas presentes normas.
- c) A Comisión poderá, asimesmo, emitir proposta de modificación dos criterios establecidos para os fins e programas de carácter social que atenderá.

3ª).—Procedemento de petición-trámites e resolucións:

- a) As peticións para atender os fins e programas de carácter social que atendan o fondo se formularán nos modelos que a tal fin se establezan e que estarán a disposición dos destinatarios no departamento de persoal do Concello. A dicha petición se lle acompañarán os documentos xustificativos da petición que deberán ser orixinais ou copias autenticadas.
- b) Se establece un libro-rexistro de carácter interno que será levado a cabo polo departamento de persoal no cal se anotarán por orde de data as peticións que se formulen xunto coa documentación que se acredite.
- c) Os solicitantes de axudas poderán ser requiridos para mellora o complemento de documentación da solicitude que formulen. As peticións realizadas se unirán os informes que correspondan ó obxecto de que a Comisión de Valoración poida emitir a correspondente proposta de outorgamento.
- d) O outorgamento das axudas se realizará o fin de cada exercicio, establecéndose como data tope de presentación de solicitudes o 30 de setembro. Transcorrido dito prazo todas aquelas novas solicitudes que se presenten serán valoradas no seguinte exercicio, agás aquelas que poideran atenderse e que tiveran o seu orixe en causa de recoñecida necesidade e xerada con posterioridade.

As peticións presentadas xunto cos datos e informes que correspondan serán valoradas pola Comisión que emitirá proposta de outorgamento que será informada pola Intervención Municipal como trámite previo á resolución que dicte a Alcaldía.

- e) As liñas de axuda establecidas nas presentes normas que teñen o seu orixe en xubilación, natalidade e defunción, non requiriran o informe previo da Comisión, bastando a presentación da correspondente solicitude e documentos que acrediten o feito causante ante o servicio de persoal, procedéndose seguidamente a elaborarse a correspondente resolución administrativa de outorgamento, da cal se dará coñecemento ó servicio de Intervención e á propia Comisión na inmediata reunión que celebre.
- f) As axudas concedidas terán o tratamento fiscal que regulamentariamente estea establecido.
- g) De forma transitoria e para o exercicio 2004, se habilita un prazo de presentación de solicitudes hasta o 26/11/2004.

4ª.-Orde de prioridades para resolución:

- a) Se establecen os seguinte baremos de valoración para acceder as peticións:
- Unidade familiar de 1 membro: Límite de 22.000 euros íntegros/ano.
- Unidade familiar de 2 membros: Límite de 25.000 euros íntegros/ano.
- Unidade familiar de 3 membros: Límite de 28.000 euros íntegros/ano.
- Unidade familiar de 4 membros: Límite de 31.000 euros íntegros/ano
- Unidade familiar de 5 membros: Límite de 34.000 euros íntegros/ano.
- Unidade familiar de 6 membros: Límite de 37.000 euros íntegros/ano.
- Unidade familiar de máis de 6 membros: Límite anterior con 1.000 euros máis por cada membro.
- b) As peticións deberán acompañar copia da última declaración da renda das persoas físicas ou, no seu defecto, acreditación dos datos fiscais da unidade familiar. Aquelas peticións que en cada caso superen os límites antes sinalados non serán atendidas.
- c) As peticións contidas no fondo social tendrán por destinatarios os funcionarios de carreira e persoal laboral de duración indefinida. Podrán acceder as liñas de axuda o persoal funcionario interino e persoal laboral contratado que contén cunha antigüidade mínima de seis meses no exercicio.

- d) Se define por unidade familiar a que figure acreditada na correspondente declaración de IRPF, excluídos os ascendentes e os ingresos de éstos.

5ª.—Liñas de axuda e medidas de carácter social-Documentación esixida:

Se establecen as seguinte liñas de axudas e programas de acción social:

Obxecto: Natalidade ou adopción legal.

Cuantía: 95 euros por feito.

Documentación requerida: Certificación de nacemento.

Obxecto: Axuda con motivo de defunción do traballador- outorgado á familiares.

Cuantía: 185 euros.

Documentación requerida: Certificación de defunción.

Obxecto: Axuda por estudos.

Cuantía: 120 euros por estudos dende primaria a Bachelato. 200 euros destinatario en estudos de ciclos superiores.

Documentación requerida: Certificado do centro escolar acreditando escolarización – Copia de declaración da renda ou certificado de ingresos fiscais

Obxecto: Gastos destinados a garderías de fillos do traballador/a que se outorgarán cando non existan axudas por fillos.

Cuantía: Ata 128 euros / ano.

Documentación requerida: Factura legal-Copia de declaración da renda ou certificado de ingresos fiscais.

Obxecto: Gastos de odontoloxía destinados o traballador e/ou seus familiares directos.

Cuantía: Ata o 50% da factura – límite 360 euros /ano / unidade familiar.

Documentación requerida: Factura legal-Copia de declaración da renda ou certificado de ingresos fiscais.

Obxecto: Gastos de oftalmoloxía (gafas, lentes de contacto graduadas) destinados ó traballador e/ou seus familiares directos (conxuxe, fillos, parellas de feito).

Cuantía: Ata o 50% da factura – límite 360 euros /ano / unidade familiar.

Documentación requerida: Factura legal-Copia de declaración da renda ou certificado de ingresos fiscais.

Obxecto: Gastos de oftalmoloxía (gafas, lentes de contacto graduadas) destinados ó traballador con ocasión do deterioro por causas fortuitas no desempeño do posto de traballo).

Cuantía: Ata o 50% da factura – límite 180 euros /ano /destinatario.

Documentación requerida: Factura legal-acreditación mediante testimonio do deterioro o rotura-

Copia de declaración da renda ou certificado de ingresos fiscais.

Obxecto: Gastos para adquisición de prótesis ortopédicas, auditivas, non cubertas polo Réxime Xeral da Seguridade Social, destinados á unidade familiar do traballador.

Cuantía: Ata o 50% da factura – límite 420 euros /ano /unidade familiar.

Documentación requirida: Factura legal- Certificado do INSS de que o gasto non se atopa cuberto polo sistema sanitario público. Copia da declaración da renda ou certificado de ingresos fiscais.

Obxecto: Axudas destinadas o traballador e a súa unidade familiar debido a gastos médicos non cubertos pola Seguridade Social, así como gastos médicos de natureza crónica.

Cuantía: Ata 600 euros/ ano / unidade familiar.

Documentación requirida: Factura legal-Certificado do INSS de que o gasto non se atopa cuberto polo sistema sanitario público – Informe médico sobre padecemento que da orixe á petición. Copia da declaración da renda ou certificado de ingresos fiscais.

Obxecto: Axuda con motivo de cese por pase a situación de pensionista, agás o voluntario, así como por pase a situación de invalidez sen traballo remunerado.

Cuantía: Pago único de 400 euros por destinatario.

Documentación requirida: —————

Obxecto: Outras liñas de axuda, previa avaliación e ponderación pola Comisión do Fondo Social.

Cuantía: A valorar pola Comisión.

Documentación requirida: Copia de declaración da renda ou certificado de ingresos fiscais así como aquela outra complementaria que acredite a necesidade.

6ª.—*Disposicións complementarias:*

- a) As peticións que se formulen terán a consideración de declaración xurada sobre os feitos polos que se pide o outorgamento das axudas do fondo social. Os destinatarios das axudas virán obrigados a poñer en coñecemento inmediato do servizo de persoal o cese das causas polas que se outorgaron as correspondentes axudas.
- b) O cumprimento e falsedade, así como o desvío das cantidades a outros feitos distintos do destino das axudas dará lugar a esixencia de reintegro das cuantías aboada que se fará efectiva por medio das retencións en nómina que procedan. Tales feitos, de producirse, penalizará a orde de prioridade do solicitante para posteriores peticións que estean debidamente xustificadas.
- c) As peticións, documentación acreditativa, informes e subsiguientes trámites estarán baixo

custodia do servizo de persoal do Concello, vindo obrigados os membros da Comisión a garda a debida reserva sobre os datos, feitos e situacións que sexan do seu coñecemento.

- d) Nos casos de exista unidade familiar entre solicitantes por desempeñar ambos relación laboral co Concello, as axudas e fins previstos nas presentes normas se outorgarán sen que se poida existir duplicidade.
- e) Nos casos de concurrencia deste tipo de axudas con outras concedidas á unidade familiar en razón de que calqueira dos seus membros as teñan recoñecidas por acordo o convenio colectivo, unicamente serán atendidas aquelas destinadas directamente o traballador o aqueles familiares non atendidas por outras axudas.
- f) A Comisión queda facultada para elevar informes ou propostas de actuación en orde ó bo desenvolvemento e finalidade do fondo social establecido. Igualmente quedan autorizadas as modificacións ou novas incorporacións de liñas de axudas, das cales se dará o persoal a debida publicidade para o seu coñecemento.

Marín, 17 de febreiro de 2009.—O Alcalde,
Francisco A. Veiga Soto. 2009002211

* * *

O PORRIÑO

E D I C T O

Giveisa, S.A., solicitou desta Alcaldía, licenza municipal de acondicionamento e actividade para a apertura dun establecemento dedicado a exposición-venda de vehículos industriais, recambios e taller (mecánica-electricidade), a situar no Polígono Industrial A Granxa, Parcela 1.18.05, desta localidade, en cumprimento do disposto no artigo 8.3º, do Decreto 133/2008, de 12 de xuño polo que se regula a Avaliación da Incidencia Ambiental, sometese a información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante o mesmo —que empezará a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra—poda examinarse o expediente AM/02/09, na sección de urbanismo deste Concello, polas persoas que de algún modo se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

O Porriño, 3 de marzo de 2009.—O Alcalde, Raúl
Francés Rodríguez. 2009003396

E D I C T O

Aplicaciones Metalúrgicas Gómez, S.L., solicitou desta Alcaldía, licenza municipal de acondicionamento e actividade para a apertura dun establecemento dedicado a pintado de estruturas metálicas e instalación de centro de transformación de 2x630KVA, a situar en Polígono Industrial SUR-PPI-7, Parcela C2, desta localidade, en cumprimento do disposto no artigo 8.3º, do Decreto 133/2008, de 12 de xuño polo que se regula a Avaliación da Incidencia Ambiental, sometese a información pública por período de vinte días hábiles, co fin de que durante o mesmo —que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra— poda examinarse o expediente AM/01/09, na sección de urbanismo deste Concello, polas persoas que de algún modo se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

O Porriño, 3 marzo de 2009.—O Alcalde, Raúl Francés Rodríguez. **2009003397**

* * *

REDONDELA

De conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada, entre outras, pola Lei 4/1999, intentada a notificación persoal a Cafetería Apache Pypool, S.L., no lugar indicado como domicilio, sen que fora posible practicala, cítase ao interesado, para que no prazo de 10 días contados dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, retire a notificación que a continuación se indica.

Expediente: Solicitud de licenza de obras nº 160/03.

Asunto: Traslado da Resolución da Alcaldía de data 17/03/09 de caducidade de expediente.

Redondela, 26 de marzo de 2009.—O Alcalde, Xaime Rei Barreiro. **2009003555**

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

De conformidade co disposto nas bases xerais e específicas da convocatoria publicadas no BOP n.º 175, de 10 de setembro do 2008 así como a rectificación das bases específicas da praza de Técnico/a de Xestión, publicada no BOP n.º 228, de data 24 de novembro de 2008, e a modificación das bases xerais publicada no BOP n.º 47, de 10 de marzo de 2009 xunto coa lista provisional de admitidos/as e

excluídos/as, para cubrir, polo procedemento de oposición libre e concurso-oposición, prazas vacantes de persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela e incluídas na oferta de emprego público de 2007, veño en,

RESOLVER:

A) Elevar a definitivas as listas de admitidos/as e excluídos/as para as prazas de técnico/a de xestión, auxiliar de arquivo, ordenanza (quenda discapacitados/as), oficial de oficios de vías e obras (promoción interna), coordinador/a de novas tecnoloxías, oficial de oficios electricista e oficial de medio ambiente, convocadas e incluídas na oferta de emprego público de 2007.

B) Declarar admitidos a don Manuel M.^a Ferradáns Vilaboa e a dona Isabel Villaverde García e elevar a definitiva a lista de admitidos/as e excluídas para 4 prazas de auxiliares administrativos/as, convocadas e incluídas na oferta de emprego público de 2007.

C) Declarar admitidos a don Manuel García Barciela, don Orestes Otero Pérez e a dona Isabel Villaverde García, elevar a definitiva a lista de admitidos/as para 2 prazas de operarios/as de limpeza, convocadas e incluídas na oferta de emprego público de 2007 e corrixir a letra do DNI de don Ángel Abalde Boullosa, que é a B.

D) Declarar admitidos a don Manuel M.^a Ferradáns Vilaboa e a don Manuel García Barciela e elevar a definitiva a lista de admitidos/as para 2 prazas de operarios/as de medio ambiente, convocadas e incluídas na oferta de emprego público de 2007.

E) Designar o tribunal cualificador para a selección dunha praza de técnico/a de xestión, que estará integrado polos seguintes membros:

Presidenta/e:

Titular: Cruz Castro Quinteiro

Suplente: Bernardo Soto López

Secretaria:

Titular: Ana Begoña Merino Gil

Suplente: Paloma Meno Rodríguez

Vogais:

Titular: Águeda Bello Valdés

Suplente: Jacobo Vecino Reimundo

Titular: M.^a José Blanco Blanco

Suplente: Alberto Escariz Couso

Titular: Fernando Alfaya Paz

Suplente: Jerónimo Fernández Vicente

F) A constitución do tribunal e celebración do primeiro exercicio da oposición será o día 6 de maio do 2009, quedando convocado o tribunal na Secretaría do Concello ás 9:30 horas, e os/as opositores/as ás 10.00 no Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira.

G) Designar o tribunal cualificador para a selección de 4 prazas de auxiliar administrativo/a, que estará integrado polos seguintes membros:

Presidenta:

Titular: Ana Begoña Merino Gil

Suplente: Cruz Castro Quinteiro

Secretaria:

Titular: Paloma Meno Rodríguez

Suplente: Josefa Salgueiro Míguez

Vogais:

Titular: Bernardo Soto López

Suplente: Francisco Reboredo Surís

Titular: Águeda Bello Valdés

Suplente: Ana Mercedes Diez Udías

Titular: Juan Francisco Bahía Salgado

Suplente: Roberto Estévez Salgado

H) A constitución do tribunal e a celebración da fase de concurso será o día 7 de outubro de 2009, ás 9.00 horas na Secretaría do Concello. A realización do primeiro exercicio da oposición será o día 14 de outubro do 2009, quedando convocado o tribunal na Secretaría do Concello ás 9:00 horas e os/as opositores/as ás 10:00 no Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira.

I) Designar o tribunal cualificador para a selección dunha praza de auxiliar de arquivo, que estará integrado polos seguintes membros:

Presidenta:

Titular: M.^a Elena Becerra García

Suplente: Paloma Meno Rodríguez

Secretaria:

Titular: Ana Begoña Merino Gil

Suplente: Josefa Salgueiro Míguez

Vogais:

Titular: Xesús Rodríguez Parada

Suplente: M.^a Celia Rodríguez Fernández

Titular: Bernardo Soto López

Suplente: Francisco Reboredo Surís

Titular: Marcos Hermida Amarelo

Suplente: Ramón Ángel Agulla Bará

K) A constitución do tribunal e celebración da fase de concurso será o día 3 de xuño de 2009, ás 9.00 horas na Secretaría do Concello. A realización do primeiro exercicio da oposición será o día 10 de xuño do 2009, quedando convocado o tribunal na Secretaría do Concello ás 9:00 horas e os/as opositores/as ás 10:00 no Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira.

L) Designar o tribunal cualificador para a selección dunha praza de ordenanza (Quenda discapacitados/as), que estará integrado polos seguintes membros:

Presidenta:

Titular: Cruz Castro Quinteiro

Suplente: Águeda Bello Valdés

Secretaria/o:

Titular: Josefa Salgueiro Míguez

Suplente: Xosé R. Mato Lodeiro

Vogais:

Titular: Miguel Ángel Míguez Novelle

Suplente: M.^a Nieves Boullosa Rodríguez

Titular: Ana Mercedes Díez Udías

Suplente: Francisco Reboredo Surís

Titular: Ramón Ángel Agulla Bará

Suplente: M.^a Elena Maya Gil

M) A constitución do tribunal e a celebración da fase de concurso será o día 16 de setembro de 2009, ás 9.00 horas na Secretaría do Concello. A realización do primeiro exercicio da oposición será o día 23 de setembro do 2009, quedando convocado o tribunal na Secretaría do Concello ás 9:00 horas e os/as opositores/as ás 10:00 no Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira.

N) Designar o tribunal cualificador para a selección dunha praza de oficial de oficios de vías e obras (Promoción interna), que estará integrado polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: Juan M. Estévez Lamas

Suplente: José Romero-Amich Nieto

Secretario/a:

Titular: Juan M. García Rodríguez

Suplente: Josefa Salgueiro Míguez

Vogais:

Titular: Martín Rodríguez Alves

Suplente: Cesareo Blanco Figueroa

Titular: Germán Grande Prol

Suplente: Rafael Castro Cardama

Titular: Concepción Roig Terán

Suplente: M.^a Elena Maya Gil

Ñ) A constitución do tribunal e a celebración do primeiro exercicio da oposición será o día 20 de maio do 2009, quedando convocado o tribunal na Secretaría do Concello ás 9:00 horas e o opositor ás 10:00 no Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira.

O) Designar o tribunal cualificador para a selección dunha praza de coordinador/a de novas tecnoloxías, que estará integrado polos seguintes membros:

Presidenta/e:

Titular: Ana Begoña Merino Gil

Suplente: Bernardo Soto López

Secretaria:

Titular: M.^a Celia Rodríguez Fernández

Suplente: Josefa Salgueiro Míguez

Vogais:

Titular: Antonio García Lorenzo

Suplente: Juan Enrique Pardo Froján

Titular: Pablo Sevilla Valcarcel

Suplente: Antonio Villanueva Guimeráns

Titular: Juan Ramón Vidal Trillo

Suplente: Álvaro Espilla Dopico

P) A constitución do tribunal e a celebración do primeiro exercicio da oposición será o día 28 de outubro do 2009, quedando convocado o tribunal na Secretaría do Concello ás 9:00 horas e a opositora ás 10:00 no Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira.

Q) Designar o tribunal cualificador para a selección dunha praza de oficial de oficios electricista, que estará integrado polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: Juan M. Estévez Lamas

Suplente: José Romero-Amich Nieto

Secretaria:

Titular: Josefa Salgueiro Míguez

Suplente: Ana Mercedes Diez Udías

Vogais:

Titular: Juan Tizón Cabaleiro

Suplente: José González Álvarez

Titular: Aurelio Krook Moldes

Suplente: Óscar Rodríguez Otero

Titular: M.^a Celia Rodríguez Fernández

Suplente: Ana M.^a Grande Prol

R) A constitución do tribunal e a celebración da fase de concurso será o día 15 de outubro de 2009, ás 9.00 horas na Secretaría do Concello. A realización do primeiro exercicio da oposición será o día 21 de outubro do 2009, quedando convocado o Tribunal na Secretaría do Concello ás 9:00 horas e os opositores ás 10:00 no Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira.

S) Designar o tribunal cualificador para a selección dunha praza de oficial de medio ambiente, que estará integrado polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: Germán Grande Prol

Suplente: Rafael Castro Cardama

Secretario:

Titular: Xosé R. Mato Lodeiro

Suplente: Juan M. García Rodríguez

Vogais:

Titular: Juan M. Estévez Lamas

Suplente: Martín Rodríguez Alves

Titular: Marta Pena González

Suplente: Fernando Covelo Rodríguez

Titular: M.^a Celia Rodríguez Fernández

Suplente: Concepción Roig Terán

T) A constitución do tribunal e a celebración da fase de concurso será o día 19 de outubro de 2009, ás 9.00 horas na Secretaría do Concello. A realización do primeiro exercicio da oposición será o día 27 de outubro do 2009, quedando convocado o tribunal na Secretaría do Concello ás 9:00 horas e os/a opositores/a ás 10:00 no Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira.

U) Designar o tribunal cualificador para a selección de 2 prazas de operarios/as de limpeza, que estará integrado polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: Germán Grande Prol

Suplente: Rafael Castro Cardama

Secretaria:

Titular: Ana Mercedes Diez Udías

Suplente: Miguel Ángel Míguez Novelle

Vogais:

Titular: Fernando Covelo Rodríguez

Suplente: Basilio Cabaleiro Piñeiro

Titular: Marta Pena González

Suplente: Martín Rodríguez Alves

Titular: Juan Ángel González Camiña

Suplente: M.^a Jesús Alonso Comesaña

V) A constitución do tribunal e a celebración da fase de concurso será o día 3 de novembro de 2009, ás 9.00 horas na Secretaría do Concello. A realización do primeiro exercicio da oposición será o día 11 de novembro do 2009, quedando convocado o tribunal na Secretaría do Concello ás 9:00 horas e os/as opositores/as ás 10:00 no Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira.

X) Designar o Tribunal Cualificador para a selección de 2 prazas de operarios/as de medio ambiente, que estará integrado polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: Juan M. Estévez Lamas

Suplente: Martín Rodríguez Alves

Secretario/a:

Titular: Xosé R. Mato Lodeiro

Suplente: Josefa Salgueiro Míguez

Vogais:

Titular: Rafael Castro Cardama

Suplente: Fernando Covelo Rodríguez

Titular: Elisa Vieites Piquenque

Suplente: Juana Monteagudo Testa

Titular: Concepción Roig Terán

Suplente: M.^a Elena Maya Gil

Z) A constitución do tribunal e a celebración da fase de concurso será o día 16 de xuño de 2009, ás 9.00 horas na Secretaría do Concello. A realización do primeiro exercicio da oposición será o día 23 de xuño do 2009, quedando convocado o tribunal na Secretaría do Concello ás 9:00 horas e os/as opositores/as ás 10:00 no Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira.

Redondela, 2 de abril de 2009.—O alcalde, Xaime Rei Barreiro.—A secretaria, Ana Begoña Merino Gil. **2009003924**

RESOLUCIÓN

De conformidade co disposto nas bases xerais da convocatoria publicadas no BOP n.º 175, de 10 de setembro do 2008 e a súa modificación publicada no BOP n.º 47, de 10 de marzo de 2009, así como as bases específicas que se publicaron no BOP n.º 13, de 21 de xaneiro de 2009, para cubrir, polo procedemento de concurso-oposición, segundo a disposición adicional segunda da Lei de Galicia 4/2007, de coordinación de policía local, relativa á integración de auxiliares de policía local, 2 prazas vacantes de policía local no cadro de persoal funcionario do Concello de Redondela e incluídas na oferta de emprego público de 2007, veño en,

RESOLVER

Primeiro: Declarar admitidos, con carácter provisional, para 2 prazas de policía local, aos seguintes aspirantes:

<u>ADMITIDOS</u>	<u>DNI</u>
FILGUEIRA PROL, DAVID TEODORO	76 863 820- M
SANTORIO PALEO, CLAUDIO ALBERTO	76 998 398- X

Segundo: Designar o tribunal cualificador o cal estará integrado polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: Ana Begoña Merino Gil

Suplente: Águeda Bello Valdés

Secretaria:

Titular: Ana Mercedes Díez Udías

Suplente: M.^a Nieves Boullosa Rodríguez

Vogais:

Titular: José Luis Losada Carral

Suplente: Ramón Ángel Agulla Bará

Titular: Fernando Alfaya Paz

Suplente: María Portela Gómez

Titular: Juan Francisco Bahía Salgado

Suplente: Concepción Roig Terán

Terceiro: A constitución do tribunal e a celebración da fase de concurso será o día 11 de maio do

2009, ás 9:00 horas na Secretaría do Concello. A realización do primeiro exercicio da oposición será o día 11 de maio do 2009 as 9:30 horas, quedando convocados os opositores na Casa do Concello.

Redondela, 7 de abril de 2009.—O alcalde accidental, Xosé C. Pazos Docampo.—A secretaria, Ana Begoña Merino Gil. **2009003970**

* * *

RODEIRO

A N U N C I O

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello, na sesión extraordinaria celebrada o día 6 de marzo de 2009, o expediente de modificación de créditos núm. 2 (modificación da plantilla de persoal) do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2008, de conformidade co establecido no artigo 177, en relación co artigo 169, do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, expónse ao público, polo prazo de quince días hábiles, contados a partires do seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP, para que calquera persoa interesada poida consultalo e formular, no seu caso, as reclamacións que se estimen pertinentes. Transcorrido dito prazo sen presentarse reclamación algunha, o expediente considerárase definitivamente aprobado.

Rodeiro, 7 de abril de 2009.—O Alcalde, Manuel N. Salgado González. **2009004012**

* * *

O ROSAL

En data 3 de marzo de 2009, O Alcalde-Presidente deste Concello dictou Resolución que literalmente dí:

“Visto o Decreto da Alcaldía de data 25 de xuño de 2007 polo que se consitúe a Xunta de Goberno Local, se nomean os membros da mesma, se ordea a dación de conta e a súa publicación, se establece a súa constitución e se fixa a periodicidade e a data de celebración das sesións ordinarias.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xullo de 2007 polo que se modifica o punto cuarto do Decreto de data 25 de xuño de 2007, establecéndose a periodicidade das sesións ordinarias cada quince días os xoves ás 13:00 horas, agás coincidencia co día festivo en que se adiantará ou retrasará.

Vista a selección da Secretaria do concello no Curso Superior de Técnico de Urbanismo 2009 a celebrar tódolos xoves, coincidindo co día de celebración da Xunta de Goberno Local.

Visto o disposto no artigo 112.2 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de

Organización, Réxime Xurídico e Funcionamento das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro.—Establece-la peridiocidade da celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local cada quince días, os venres ás 13.00 horas, agás coincidencia co día festivo en que se adiantará ou retrasará, modificando o establecido no punto primeiro do Decreto de 16 de xullo de 2007, de modificación do Decreto de data 25 de xullo de 2007 sobre constitución e funcionamento da Xunta de Goberno Local, por mor da imposibilidade de asistencia da Secretaria á Xunta de Goberno Local.

Segundo.—Do presente Decreto darase conta ó Pleno, debendo notificarse persoalmente ós designados entendéndose tácitamente aceptado o cambio agás manifestación expresa nos tres días hábiles seguintes, e publicárase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, sen perxucio da efectividade dende o día seguinte ó da presente resolución”.

No Rosal, a 3 de marzo de 2009.—O Alcalde, Jesús M^a Fernández Portela. **2009003490**

* * *

SALVATERRA DE MIÑO

EDICTO

Durante o prazo de dez días, podense presentar reclamacións en relación coa solicitude de don Jorge Martínez González en nome e representación de “Playsport Salvaterra, S.L.”, para instalación de Tende de Deportes, sita en Rúa Rosalía de Castro nº 105 baixo 3, Salvaterra.

Salvaterra de Miño, 19 de febreiro de 2009.—O Alcalde, Arturo Grandal Vaqueiro. **2009003448**

* * *

SOUTOMAIOR

EDICTO

Habéndose solicitado desta Alcaldía por dona Paula Lobato Ferreira, con enderezo en Redondela, licenza municipal para a apertura de establecemento a dedicar a Cafetería na Avda. Xosé Solla nº 27 baixo, Arcade, cumprindo o disposto polo apartado a), do nº 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de novembro de 1961, ponse a información pública por un período de dez días, laborables, para durante este tempo —que escomenzará a contar dende a publicación no Boletín Oficial da provincia— poida examinarse o expediente, na Secre-

taría deste Concello, polas persoas que de algún xeito se sintan afectadas pola actividade que se quere instalar e poidan formular por escrito as reclamacións ou observacións que vexan necesarias.

Soutomaior, 25 de marzo de 2009.—O Alcalde, Agustín Reguera Ocampo. **2009003447**

A N U N C I O

Ante este Concello, tramítase expediente iniciado a petición de Camilo Fernández Moreira, titular da licenza núm. 7 de Auto-turismo (taxi) solicitando a transmisión da licenza, a favor de don Juan Marcos Fernández Vendín. O referido expediente atópase de manifesto na Secretaría deste Concello, durante o prazo de 15 días hábiles, contados partir da notificación do mesmo, o obxecto de que os/as e as asociacións profesionais de empresarios/as e traballadores/as poidan examinalo expediente a alegar o que estimen procedente na defensa dos seus dereitos. Todo elo de conformidade co disposto no art. 14 do Regulamento Nacional dos Servicios Urbanos e Interurbanos, do 16 de marzo de 1979 (RD 763/79).

Soutomaior, 23 de marzo de 2009.—O Alcalde, Agustín Reguera Ocampo. **2009003549**

* * *

TOMIÑO

Anuncio de adxudicación definitiva “Mellora do vial e do entorno do Centro de Día (FEIL)”

1. ENTIDADE ADXUDICADORA

- a) Organismo: Concello de Tomiño.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.
- c) Número de expediente: 04/09.

2. OBXECTO DO CONTRATO

- a) Tipo de contrato: Administrativo de obras.
- b) Descripción do obxecto: Mellora do vial e do entorno do Centro de Día.
- c) Lotes: Non.

3. TRAMITACIÓN E PROCEDIMENTO

- a) Tramitación: Urxente.
- b) Procedemento: Negociado sen publicidade.
- c) Orzamento: 119.997,81 euros (IVE engadido), con cargo ao Fondo Estatal de Inversión Local.